

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 23 DE MAIO

DE 2014

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dez horas do día vinte e tres de maio de dous mil catorce, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e integrando o Grupo Mixto, don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre e don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata.

Asisten dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica M^a Otero López, secretaria accidental da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Cuestión de confianza vinculada á aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2014

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de maio de 2014.

Pide a palabra don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, para expoñer, de maneira sucinta, unha cuestión de orde relacionada coa orde do día. Pide permiso para darlle lectura e di que será moi breve.

O Sr. alcalde pregunta se está na orde do día ou se afecta a este pleno.

Don Daniel Carballada Rodríguez contesta que si afecta. É unha cuestión de orde e loxicamente afecta ao funcionamento do Pleno.

O Sr. alcalde concédelle a palabra.

Don Daniel Carballada Rodríguez dá lectura ao seguinte escrito:

“En relación co escrito presentado onte no rexistro municipal por este grupo municipal co número de entrada 0/3634, que foi entregado ao conxunto de membros da Corporación e cuxo contido é de dominio público, do cal lle facilito á mesa deste pleno unha copia que rogo sexa anexada á acta da presente sesión, quero solicitar ao

alcalde, na súa condición de presidente do pleno, a suspensión da sesión que se pretende iniciar, xa que este grupo a considera non axustada a dereito, tendo en consecuencia, dúbidas sobre a legalidade dela e a validez dos acordos que neste pleno se tomen, ou que deste pleno se deriven.

Rogo que as presentes palabras, que tamén lle achego por escrito, sexan recollidas na súa literalidade na transcripción da acta plenaria. O Bloque, insisto, solicita a suspensión do pleno, e se reserva o dereito a tomar as medidas legais oportunas para invalidar unha sesión que consideramos ilícita.”

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que el, como alcalde, ten os servizos xurídicos á súa disposición. Cre que todos teñen o informe dos servizos xurídicos, onde se ratifican, xa lles contestaron por escrito e ratifícanse en que este pleno está totalmente dentro da lei, polo tanto, di que van dar comezo á orde do día.

A continuación, quere comezar a súa intervención pedindo perdón aos veciños por ter traído tan tarde os orzamentos a este pleno. É consciente de que os deberían ter elaborado moito antes, non lles foi posible polas razóns que argumentou o pasado luns. Di que lles vai recordar, porque moitos veciños non estiveron nesa sesión. As razóns principais foron a nova normativa coa Lei de administración local, a situación de baixa dalgúns funcionarios municipais, a falta de persoal e a negociación sindical.

A pesar das razóns que acaba de expoñer, quere deixar claro que é o primeiro ao que non lle gusta esta situación. Di que hoxe pídelle que outorguen a súa confianza ao Goberno local e que fagan un exercicio de responsabilidade que só beneficiará aos veciños. Quere que sexan conscientes da importancia destas contas para o presente do municipio e para o seu futuro. Que sexan responsables é o único que lles pide, e que non exerzan o seu dereito neste pleno de forma electoralista.

Dilles aos concelleiros que eles forman parte dunha Corporación, que teñen unha responsabilidade moi grande e pide que pensen no dano que se lle pode facer a esta administración. Só lles pide iso.

Quere proseguir, coas súas palabras, explicando os motivos que o teñen volto a levar a unha cuestión de confianza. Un ano despois daquela situación de infausto recordo, a historia se repite.

Hai catorce meses díxolles que se sometía a unha cuestión de confianza por responsabilidade e compromiso cos veciños de Cambre. Hoxe repítelles o mesmo. Os orzamentos son vitais para o desenvolvemento de calquera municipio e, aínda máis se cabe, se este se atopa nunha situación de recesión económica como a actual.

Di que ben é verdade que podería prorrogar os orzamentos e renunciar a investimentos importantísimos para Cambre. Podería quedarse no seu despacho escoitando aos veciños e explicándolles que a irresponsabilidade da oposición lle impide executar obras, aumentar partidas para emerxencia social, ou establecer políticas de emprego serias que contribúan a paliar esta crise. Podería facelo, pero xa o coñecen, os seus principios non cambiaron. Estes son os seus principios, e ao contrario que Groucho Marx el non ten outros. Polo tanto, por respecto aos veciños, a

quen se debe, por respecto a este concello e por respecto aos seus principios, renuncia a traballar sen contas, sen orzamentos, sen investimentos, así que di que nas súas mans está outorgar esta confianza cun único fin, aprobar estas contas, ou ben volver un ano máis a ter un mes paralizado o concello mentres se rifan a cadeira que agora ostenta o que lles fala.

Os concelleiros téñenlle criticado que trouxera tarde as contas este ano, e el pode entendelo, é certo que non era o seu propósito. Criticáronlle a falta de diálogo, e incluso que estas contas non cumpren, por agora, co teito de gasto. Teñen argumentado motivos para non aprobar estes orzamentos, pero ningún deles de peso, ningún deles convincente. Dilles que aínda segue agardando as súas emendas aos orzamentos, as súas propostas ou as súas achegas a estas contas.

Pregunta se acaso é tan malo ou tan espantoso este orzamento, e pídelles que, entón, lle expliquen aos veciños as súas propostas. O certo é que non teñen nin idea, non teñen achegas, non teñen alegacións coherentes, o único que teñen son críticas, iso si, ao mellor eles si que son máis parecidos a míster Marx.

A confianza é unha emoción positiva, a confianza é a base na que constrúen as súas relacións, xa que, se non confían na outra persoa non poden establecer unha amizade.

Pois ben, el non pretende ser o seu amigo, non busca a súa confianza, o que hoxe busca e pretende é a súa responsabilidade. Nin o exceso de confianza nin a desconfianza son aspectos positivos para gobernar. El ten moita confianza nos seus concelleiros, e sabe que non ten a dos outros grupos, pero sabe que con traballo e con feitos gañarase a confianza dos veciños que é a verdadeiramente importante.

Continúa dicindo que hoxe non é un día calquera, é un día de especial importancia para os veciños de Cambre, para o seu futuro. Hoxe os veciños xóganse moito, e os que deciden o seu futuro son eles. Hoxe só poden saír perdendo os veciños. Quere que isto o teñan en conta cando alcen os seus brazos durante a votación. Sobre o papel trátase de outorgar a confianza ao alcalde, pero o certo é que o que hoxe votan é avanzar ou paralizar esta institución, con todo o que iso leva consigo.

Esta moción non é un desafío, que lles quede claro, non é unha aposta, é unha necesidade imperiosa de aprobar uns números que permitirán facer cousas en Cambre para mellorar o benestar dos veciños. Non é máis que iso.

Os grupos da oposición teñen reiterado a súa perda de confianza neste Goberno e no alcalde. É lóxico en política, pero cando a oposición di iso, o que quere dicir realmente é que algo están facendo ben. É a súa forma de trasladar ao Goberno que Cambre está cambiando. É triste, pero é así. Falar mal do rival é algo habitual dos representantes políticos, parece que vai no manual do concelleiro. O raro sería que falasen ben da súa xestión, iso si que lle preocuparía e se ocorrera custaríalle conciliar o sono.

Di que poden demonizar ao alcalde e ao seu grupo de goberno o que estimen oportuno, pero non cre responsable que demonicen unhas contas nas que aumenta o

gasto social, o gasto na loita contra o desemprego, os investimentos en infraestruturas ou as partidas que tratan de facer xustiza coa realidade actual.

Pide que lle expliquen aos veciños que teñen de perversas a renovación da piscina da Barcala, a reforma do cemiterio, a adecuación da Casa da Arrigada para transformala en biblioteca e liberar así o centro de saúde, a reforma das estradas, a construción dun aparcadoiro no centro de Cambre, obras de mellora no centro municipal de formación, melloras de redes e servizos sanitarios nas nosas parroquias e no polígono industrial do Espírito Santo, entre outras moitas actuacións.

O pasado luns a oposición mencionou os informes de Intervención e os cualificaron de demoledores, e el dilles que eles len o que lles interesa, é lóxico. Agora vailles ler el un breve parágrafo dese informe: En resumo, di o informe da interventora municipal, este é un orzamento moi marcado pola necesidade de contención do gasto corrente e da asignación dos recursos dispoñibles a políticas de servizos sociais e promoción do emprego.

Di que iso é o que di a interventora, non a concelleira de Facenda. Pódese dicir máis alto, pero non máis claro. Si que é demoledor, si.

Antes comezou falando de principios, non os marxistas, pero si os de Groucho Marx, e di que acabará cunha frase dese xenio eterno da comedia: A política é o arte de buscar problemas, encontralos, facer unha diagnose falsa, e aplicar despois os remedios equivocados.

Conclúe pedindo que lle leven a contraria a Groucho Marx, de xeito que, teñen un problema, que fagan unha boa diagnose e que apliquen o remedio adecuado entre todos.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que máis aló de comprar as manifestacións de vitimismo que o Sr. alcalde acaba de facer, a pesar de recoñecer, como non hai outro camiño, que se demorou a traída dos orzamentos a pleno cinco meses, o que representa a presentación máis tardía no que levan de lexislatura e do cal terá algunha responsabilidade, dille que xa está ben de botar a culpa aos demais, á falta de persoal, negociación sindical, etc. O Sr. alcalde ten recursos dentro da institución e, evidentemente, co apoio doutras institucións, para sacar adiante estes orzamentos en canto á súa presentación no prazo que está establecido legalmente.

Pero, unha vez máis, como na anterior cuestión de confianza, instálase no vitimismo, e como lle di un vitimismo que eles non compran. E así dicían no pleno de orzamentos do luns pasado, que ao longo da presente lexislatura os socialistas teñen dado sobradas mostras de fomentar consensos e de chegar a acordos, ás veces adoptando decisións que non foron entendidas por algúns grupos desta Corporación, e que teñen apoiado iniciativas do Goberno e da oposición, sendo capaces de entenderse cuns e cos outros, porque teñen traballado antepoñendo o interese xeral, apartando as siglas cando era necesario, poñendo os principios, valores e o compromiso político dos socialistas de Cambre ao servizo das demandas e necesidades do Goberno.

Falando de formas de gobernar, os concelleiros no goberno teñen un modelo de Goberno baseado na insensibilidade social e no respecto ás ordes dos seus superiores na Xunta e Deputación. Eles teñen outro, outro modelo no que o respecto e os intereses dos veciños priman sobre calquera xerarquía orgánica.

Dille ao Sr. alcalde que os xefes dos socialistas de Cambre non son a Xunta nin a Deputación, son todos e cada un dos cambreses, e iso é o que os diferencia.

Tamén lle di ao Sr. alcalde que non foi elixido para a súa condición de mandatario municipal co apoio directo do voto socialista ou indirecto da súa abstención, senón por unha disposición legal que así o dispuxo, de aí a súa fragilidade. O grupo municipal dos socialistas de Cambre presentou a súa candidatura para gobernar Cambre porque son un grupo con vocación de goberno, e o seu paso pola oposición, respectando a decisión electoral, ten vocación de temporalidade.

Por iso, hai que diferenciar, e di que eles diferencian claramente o apoio puntual a determinadas medidas do Goberno, apoio dirixido a beneficiar aos veciños, do apoio ao Sr. alcalde e ao seu equipo.

Continúa dicindo que xa lle dixeron no pleno dos orzamentos, e volven reiteralo, que non o apoian, nin a el nin ao seu Goberno. E falando do que lles trae hoxe aquí, non confían neles, porque a confianza gánase día a día, non se roga nun pleno, e o Sr. alcalde non quixo gañar a súa confianza, xa non só do grupo municipal dos socialistas de Cambre, senón da maior parte dos membros da Corporación que hoxe se sentan neste pleno.

Pregúntalle como poden confiar nel se moitas das iniciativas que o grupo socialista trouxo a pleno, e que contaron co apoio de todos os grupos municipais, incluíndo o do PP, despois o Sr. alcalde non as levou á práctica, non as levou a cabo, tal e como era a súa obriga.

Dille que non poden confiar en quen non cumpre cos seus compromisos. E os únicos culpables de que a día de hoxe Cambre non teña orzamentos e se vexan abocados a celebrar este pleno, son o Sr. alcalde e o seu Goberno.

As súas xustificacións para aprobación dos orzamentos vinculados á cuestión de confianza, en concreto cando fala de habilitar os créditos para facer fronte aos programas municipais e en especial ás subvencións a entidades sen ánimo de lucro, así como aumentar as partidas destinadas aos servizos sociais, ás políticas de fomento do emprego e para garantir os investimentos proxectados, non resultan cribles.

Na presentación dos orzamentos do 2014 teñen perdido inxustificadamente o tempo, téñenlles feito perdelo a eles e o peor, tamén aos veciños. Só a súa incapacidade para negociar e chegar a acordos lles trae hoxe aquí. Dicían na súa intervención da cuestión de confianza debatida o pasado ano e vinculada á aprobación dos orzamentos do 2013, que a súa actitude era a mesma que a do mal xogador de fútbol, que cando as cousas non lle saen ben no campo e se sente sobrepasado polos acontecementos, decide autoexpulsarse deixando aos seus compañeiros en

inferioridade de condicións. E esta é a segunda vez que se autoexpulsan, pero o equipo técnico, a directiva, e sobre todo os afeccionados de Cambre téñenlle collido a matrícula, e di que el está convencido de que non lle van renovar o contrato.

Conclúe dicindo que respecto do pronunciamento ao que teñen sido convocados mediante este pleno, onde o Sr. alcalde ten querido someterse a unha cuestión de confianza, os socialistas de Cambre son coherentes e congruentes e, en consonancia co que dixeron no pasado pleno de orzamentos, dinlle hoxe, alto e claro, que non, que non ten a súa confianza.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que primeiro querían protestar polo horario no que o Sr. alcalde decidiu colocar este pleno, non están de acordo en que sexa ás 10:00 da mañá, así llo teñen manifestado nunha petición conxunta varios grupos desta Corporación.

Dille ao Sr. Rivas que en campaña electoral e a principios de legislatura el parecíalles unha persoa sen vicios políticos, un empresario que podía achegar algo novo na política municipal, e por iso, e a pesar de que non quixeron formar parte do seu goberno, déronlle a súa confianza. Iso si, di que lle advertiron que non era un cheque en branco para a súa xestións, que tiña que demostrar que era digno desa confianza.

Como o Sr. alcalde non é capaz de asimilar un non por resposta, no orzamento do 2012 pactou co PSOE, tal e como se demostrou, a súa abstención, e sabía que había perdido a confianza de UxC. No pleno do 2013 tivo que aprobar os orzamentos a través dunha cuestión de confianza, tal e como os trae nesta ocasión, tamén sen chegar a acordos co resto de grupos políticos, nesta ocasión de forma totalmente irrespectuosa, sen intentalo sequera.

Dille a Sr. Rivas que nestes tres anos, tal e como lle dixeron no pleno pasado, non foron capaces de xestionar os recursos e os proxectos importantes para eles, os veciños de Cambre. Segue empeñado en pagarlle favores aos seus amigos da Xunta e Deputación, metendo neste orzamento partidas para paliar o mal funcionamento da Xunta, así por exemplo, fai rotondas en estradas da Xunta e Deputación en vez de esixirlles a eles que as fagan.

Dille que el é o alcalde dos cambreses e das cambresas, non é o delegado da Xunta ou da Deputación, ten a obriga de defender os dereitos dos veciños e esixir a todas aquelas administracións que cumpran coa súa responsabilidade, pero non o fai.

Pregúntalle que ten pasado co Plan xeral. Asistiron pola prensa ao bochornoso espectáculo que deu. Pasou de rescindirille o contrato e esixirlle danos e perdas, a darlle unha prórroga para que fagan en cinco meses o que non fixeron en tres anos.

Pregúntalle que pasou coa Vía Ártabra, que ata os alcaldes de Culleredo e de Abegondo se teñen manifestado claramente en prensa pola continuidade da Vía Ártabra, mentres que ao alcalde de Cambre non se lle oíu nada.

Pregúntalle que pasou con esa empresa que ía traer 200 postos de traballo a Cambre, aínda seguen sen saber nada.

Que pasou co plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia. Esqueceuse de facer unha alegación lembrándolle á Xunta que o Espírito Santo existe e que queren un futuro para o polígono. Claro, o Sr. Rivas non é o presidente dese polígono, representa moi ben a polígonos doutros concellos. UxC si que o fixo, e a Xunta aceptou a súa alegación e dixo que a Vía Ártabra era imprescindible para o desenvolvemento industrial do municipio, que supón emprego para Cambre.

Dille que, como pode ver, todos menos el vén como imprescindible a conexión da vía Ártabra AP-9, A-6, todos menos o Sr. alcalde. O por que disto xa se saberá.

Continúa dicindo que están en maio e deberían ter traído os orzamentos antes de final de ano. Agora o alcalde di que é unha irresponsabilidade non votar a prol, que resulta de imperiosa e inaprazable necesidade a súa aprobación. É o que di na súa petición, e máis parece unha chantaxe que realmente unha petición.

Di que quen o diría, tendo en conta que tal e como dixo a concelleira de Facenda no pleno dos orzamentos, son un calco dos do ano pasado. Se o Sr. alcalde entende tal urxencia, pregúntalle por que non os presentou en tempo e forma.

Pide que non manipule, que el é o único responsable desta situación, e por riba os trae con informe de desconformidade de Intervención, unha temeridade. O Sr. alcalde di que só len o que lles interesa dos informes de Intervención, pero el tamén leu exactamente un extracto do que lle interesou nese momento.

Tamén lle di ao Sr. alcalde que ten máis contratos de servizos en precario que cando comezou a lexislatura. Ten sen contrato o mantemento eléctrico, o servizo de auga, o de xardíns, o de telecomunicacións. Supoñen un importe aproximado de 2,7 millóns de euros. Dille que esa é a forma de facer xestión que ten, á cal quere que lle dean a súa confianza.

Pídelle que diga a verdade e que diga que despois de tres anos non foi capaz de xestionar os recursos dos veciños de Cambre. Probablemente o diñeiro que di que vai necesitar o obtería facendo unha boa xestión con eses contratos. Pero, ademais, lémbrale que ten perdido sobre 170000 euros co seu famoso festival Brincadeira, do que xa falarán máis adiante, e outros 100000 co DTC 93, recentemente aprobado.

Pregúntalle se fixo exame de conciencia, balance destes tres anos. El entende que non, se non xa tería dimitido. A súa política nestes tres anos ten sido a da irresponsabilidade, a ineptitude, a manipulación. É un pésimo alcalde, é unha vergonza que os represente con esa pasividade e acatamento aos seus superiores, entendendo, pola súa forma de facer as cousas, que utiliza a política municipal para acadar metas persoais.

Di que o que agora propón é unha cuestión de confianza. O seu goberno representa o 33%, pero ten actuado como se este concello fora seu, e segue actuando exactamente igual. Equivocouse e non soubo rectificar.

Conclúe dicindo que entenderá que despois destas palabras non poden outorgarlle a súa confianza.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que en primeiro lugar quere lembrar que están no salón de plenos de Cambre, que non están no salón de sorteos de loterías. Aquí non veñen rifar nin sortear nada, aquí veñen tratar unha cuestión de confianza. Isto porque antes facía alusión o Sr. alcalde a que viñan rifar a Alcaldía.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle que non entende o que lle quixo dicir, e non sabe se alguén o fixo.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que o Sr. alcalde dixo na súa intervención que viñan aquí a rifar a Alcaldía, ou polo menos iso é o que el comprendeu, e dille que eles aquí non veñen rifar nada, veñen tratar unha cuestión de confianza.

Continúa dicindo que xa quedou perfectamente argumentado pola súa compañeira Olga no pasado pleno dos orzamentos do luns, que para EU abundan motivos e antecedentes máis que suficientes para votar en contra, sintetizados fundamentalmente pola falta de diálogo e no xeito de gobernar, ignorando o labor e desprezando á oposición e ás distintas propostas e alternativas presentadas no cumprimento do control e fiscalización en función do seu programa e en consonancia co compromiso que teñen cos veciños e veciñas de Cambre.

Quere lembrarlle unha vez máis ao Sr. alcalde, e así o fixeron ao longo destes tres anos, as múltiples iniciativas presentadas polo grupo de EU, moitas delas aprobadas por unanimidade, que teñen como resultado un compromiso practicamente nulo na súa execución, o que non fai máis que acentuar a súa desconfianza na xestión do seu Goberno e no Sr. alcalde como máximo responsable. Tanto na ignorancia de acordos plenarios por iniciativas da oposición, que non se levan a cabo, como no comportamento arbitrario e pouco democrático dalgúns membros do Goberno.

O concepto de democracia participativa é algo que o Sr. alcalde non comparte. Dende o momento en que xa hai un ano os partidos da oposición dixeron por activa e pasiva que os orzamentos debían ser participativos, non só cos grupos integrantes da Corporación, senón co conxunto dos veciños e veciñas de Cambre.

Xa teñen manifestado en varias ocasións que un obxectivo básico para o seu grupo, ademais da participación cidadá, era colocar a loita contra o desemprego como unha das prioridades ao longo desta lexislatura, o que estaría en consonancia cos problemas e necesidades máis inmediatas dos veciños e veciñas. Apostar por un cambio real na orde das prioridades onde as necesidades das persoas e das súas familias se teñan en conta dunha maneira primordial.

Non obstante, e pese ás iniciativas presentadas polo grupo de EU, o Sr. alcalde non fixo absolutamente nada para levar a cabo medidas de fomento e traballo, e agora ofrécese a facer un pacto polo emprego a menos dun ano das eleccións municipais. Iso queda moi ben como titular nos medios de comunicación, pero para eles é un brindes ao sol e unha declaración de intencións, porque preguntalle onde están as

partidas orzamentarias para levar a cabo un pacto polo emprego como se dicía o outro día.

Dende que o Sr. alcalde accedeu a Alcaldía en Cambre teñen 400 parados máis, 400 familias que pasaron ás listas de desemprego. Iso demostra, unha vez máis, as políticas deste Goberno.

Dille a modo de exemplo e vaille recordar, porque o Sr. alcalde fixo mención antes tamén a este tema, a arbitrariedade e actitude antidemocrática que ten el e o seu Goberno. Quere lembrarlle a situación que se viviu no pleno hai dous meses en relación co cumprimento do acordo plenario dunha moción sobre a Lei de racionalización da administración local, que antes o Sr. alcalde mencionou, e que foi presentada por EU. O Goberno manifestou, e ademais dunha forma moi vehemente, que non ían dar traslado, que non ían aprobala e que non ían tramitala.

Pois ben, dille que EU tivo que presentar un escrito por rexistro, dirixido ao Sr. alcalde, dicindo que o ían denunciar ante os tribunais. Ante iso non lle quedou máis remedio que dar cumprimento á moción. A eses extremos teñen que chegar, esta é a democracia que practica o Sr. alcalde e o seu Goberno.

Xa para rematar dille que EU, co seu compromiso, seguirá facendo unha oposición responsable, rigorosa e construtiva. Seguirán presentando propostas e iniciativas e lembrándolles que dean cumprimento ás aprobadas. Apoiarán todas as que consideren que son en beneficio dos veciños, veñan do grupo que veñan, incluído o Goberno, co fin de contribuír a mellorar a calidade de vida dos cambreses e cambresas.

Pero di que en ningún caso darán un cheque en branco a esta maneira de gobernar e sobre todo a estes orzamentos. Por todo o anterior, o voto do seu grupo non vai ser favorable, xa que de ningún xeito poden asumir a responsabilidade de darlle confianza a un alcalde no que non cren, porque a confianza non se consegue nun día, senón ao longo da lexislatura. En consecuencia, para EU sobran razóns máis que suficientes para non votar a prol desta cuestión de confianza, así que o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que hoxe, en peculiar horario matutino, asisten a un acto máis dunha obra teatral, deseñada, escrita e interpretada polo PP de Cambre, iso si, en idioma español.

Os veciños e as veciñas de Cambre non lles deron nas últimas eleccións municipais unha maioría absoluta, pero, non obstante, eles queren mandar, mandar máis que gobernar, como se tivesen esa maioría da que carecen. O PP representa o seu propio esperpento, chegan con medio ano de atraso cos orzamentos do presente exercicio. Están todos hoxe onde quixo o Goberno municipal que estiveran. Pregunta para que chegar a acordos, para que ceder, pactar, negociar, para que diálogo e democracia, se valéndose da democracia poden xogar a aprobar os orzamentos sen o máis mínimo consenso.

Dille ao Sr. Rivas que ninguén pode crer as súas escusas de mal pagador. Esas escusas que escoitan aquí, hoxe mesmo e estes días na prensa, toda unha sarta de

medias verdades, de mentiras enteiras, que repite nos seus posados mediáticos.

Dille ao Sr. Rivas que son excusas de malpagador. E pregúntalle se sabe o que lles pasa aos mal pagadores neste Estado, neste país que eles gobernan. Se se trata do recibo da luz, córtano, déixannos a escuras. Se é o coche, quítanllelo. Se é a vivenda, a súa casa, desafiúzanos, bótanos para a rúa.

Visto o que fan cos mal pagadores, eles que son os que lexislan, pregúntalle que habrá que facer con eles, aplicarlles o mesmo, deixalos a escuras, desafiuzalos, botalos fóra. Dille ao Sr. alcalde que teña a completa seguridade que se o BNG tiveran nesta Corporación cinco asentos, catro ou tres, el non sería alcalde nin agora nin hai tres anos. Pero di que ao BNG non lles pasa como lles pasa a eles, son conscientes da súa representación. Eles, a diferenza do PP, saben do apoio que lles deu a xente, que lles deron os veciños e veciñas de Cambre. O BNG ten soamente dous representantes por unha razón tan obvia como sinxela, tiveron malos resultados electorais, a maioría dos veciños escolleron outras papeletas antes que a súa. É por iso que non se consideran lexitimados para gobernar, dino claramente, por raro que poida parecer en política, agora ben, di que están a disposición de quen teña a ben desaloxar ao PP do poder municipal. Non se senten lexitimados para encabezar ese goberno, pero si para apoialo.

O PP gañou as eleccións, certo é, pero Cambre non lles outorgou, nin moito menos, unha confianza maioritaria para gobernar como fan, con eses delirios de grandeza, inventando unha maioría absoluta que para nada lles deron as urnas. Ben poderían ter afrontado esta lexislatura dunha maneira ben distinta, consensuando, dialogando, buscando apoios coa oposición, como fixo puntualmente ao principio desta lexislatura co tema da Casa da Cultura, Vila Concepción, ou o apoio ao cadro de persoal no pasado pleno, ou durante todo o mandato coa actitude de toda a oposición, que parece que a Sra. concelleira Marta Vázquez descoñece, co tema do Plan xeral.

Dille ao Sr. alcalde que tiña moitos elementos a prol para construír unha lexislatura tranquila e estable, pero prefire gobernar inventando unha maioría absoluta que non ten.

Hoxe o Sr. Rivas e o PP van perder esta cuestión de confianza, non obstante, sentiranse gañadores, na medida que non divisan unha moción de censura que os desaloxe das súas poltronas.

Continúa dicíndolle que en hora boa, que queda el coas bólas, pero non terá con quen xogar. Pide que pense que máis cedo que tarde teralle que devolver, queira ou non, as bólas coas que tanto desfruta aos seus lexitimos propietarios, aos veciños e veciñas de Cambre.

E xa para acabar, unha cita dunha personaxe que ao Sr. alcalde, á familia popular, lle resultará familiar, dixo unha vez don Francisco Franco Bahamonde: “estamos ao borde do precipicio, pero hoxe podemos dicir orgullosos que temos dado un paso ao fronte”. En fin, é dillo no seu idioma “*el que a los suyos se parece, honra merece*”.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC e voceiro do GM, expón que como xa manifestou no pasado pleno do luns, co seu voto favorable aos orzamentos, el os considera razoables e considera que cumpren prioritariamente coas necesidades que ten o concello. O que si é certo, e non quere pasar a ocasión para criticar, é que chama a atención que ano tras ano volvan a caer no mesmo erro, que o Goberno non actúe de forma previsible para traballar cuns orzamentos aprobados dende principios de ano. É verdade que non por iso pode rexeitar un documento cuxa aprobación resulta indispensable para non paralizar aínda máis os investimentos municipais, de departamentos e sobre todo de asociacións e colectivos do municipio.

Conclúe dicindo que cada mes de atraso na súa aprobación suporá unha perda de tempo na execución de proxectos, por iso o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que en condicións normais non pediría a palabra nun pleno como este, pero o certo é que non son condicións normais. Despois das intervencións do resto de grupos da oposición, onde destacaron as súas críticas, cre que é de xustiza tamén destacar algún dos éxitos, e para destacar o primeiro deses éxitos teñen que remontarse un pouco ao pasado.

Dí que o Sr. alcalde ten no seu haber o ter traído a este municipio a estabilidade que lles faltaba. Por primeira vez en máis de dez anos, Cambre ten un Goberno estable. Por se alguén non o lembra, o Goberno bipartito de Cambre que saíu das eleccións municipais do 2003 acabou, por dicilo dalgunha maneira que se entenda, como o rosario da aurora. Varios concelleiros do Goberno desa época negáronlle publicamente o seu apoio ao anterior alcalde, precisamente porque non confiaban nel, e eran os do propio Goberno.

O da seguinte lexislatura, a que comezou no 2007 e acabou no 2011, non acabou moito mellor. A concelleira de Obras pasouse ao grupo dos non adscritos, o concelleiro de Presidencia terminou destituído polo propio alcalde e o de Facenda viuse obrigado a dimitir por pagarse os xeados a costa dos veciños de Cambre. A de Servizos Sociais presentouse por outras siglas, e lémbbralles que os concelleiros do BNG que formaron parte do Goberno foron expulsados do seu propio partido.

Por duro que pareza esa era a triste realidade ata o ano 2011 en que os veciños elixiron a Manuel Rivas alcalde de Cambre. O seu primeiro éxito ten sido traerlle aos veciños un goberno estable, no que os seus concelleiros só pensan en servir aos cidadáns e en apoiar lealmente a xestión do alcalde. Atrás quedaron as loitas de egos e as escuras manobras para moverlle a cadeira ao rexedor dende as propias filas.

Reitera que ese é o primeiro éxito do Sr. alcalde, conseguir que en Cambre se volva falar de Cambre. Por iso pediulle a palabra, porque a memoria ás veces é moi curta e máis aínda dentro do debate político. A memoria é curta porque xa poucos se lembran do que o alcalde se encontrou aquí cando chegou hai tres anos. O Sr. alcalde tomou posesión efectiva do seu cargo o día 13 de xuño do ano 2011 e convocou para o 15 a primeira reunión dunha embrionaria xunta de goberno. O día 16, ás 10:30 da mañá, segundo di a súa axenda, reuniuse co Sr. alcalde para solucionar o primeiro e máis

grave dos problemas que tiña o Concello de Cambre, que era o Plan Arume, un investimento de case 3 millóns de euros en punto morto, totalmente paralizado, e con seis meses por diante, nada máis, para poder desbloquealo. Di que a historia supón que xa todos a coñecen, de ter un proxecto en punto morto, o Sr. alcalde conseguiu facer todos os investimentos previstos para cinco anos en 18 meses, e converter a Cambre nun dos concellos que máis e mellor cumpriu cos obxectivos dos fondos Feder.

Tamén para refrescar a memoria lle recorda que cando chegou atopouse un burato de case 800000 euros nas contas municipais, e bastáronlle soamente seis meses para arranxalo. Cando o Sr. Rivas chegou á Alcaldía, por se alguén non o lembra, atopouse facturas no caixón, licenzas concedidas in extremis, a un grupo de traballadores case en folga, á Policía Local a medias e a Protección Civil a punto de ser desafiuzada.

Di que estas son algunhas desas pequenas cousas que se atopou o Sr. alcalde nada máis tomar posto no despacho da Alcaldía, por iso non poden dar crédito ao que a oposición ten dito do Sr. alcalde nestes últimos días. Non só tivo que sacar adiante os seus propios proxectos, que o fixo, senón que tivo que superar os problemas que lle deixou como herdanza o anterior Goberno.

Pero menos aínda pode dar crédito a que esas críticas as fagan aqueles que foron parte dos problemas que tivo Cambre os últimos anos, polo que fixeron e polo que non fixeron. Pero xa lles di que estes anos teñen dado para moito máis que para solucionar os problemas que outros lles deixaron enriba da mesa. Gustaríalle lembrarilles a eses que agora son tan críticos, que o alcalde que teñen aquí diante é o responsable de ter acondicionado as rúas Pígara, Padre Feijoo, Celso Emilio Ferreiro, Párroco Manuel Cobas, Constitución, Profesor Monasterio e Polígono, no Temple; de ter construído un novo parque infantil no paseo marítimo; de ter construído a Casa da Cultura coa reforma de Vila Concepción; de ter conseguido unha nova escola infantil, tamén para O Temple e agardan que en breve un novo centro de saúde. Este alcalde é o responsable de ter arranxado o Campo da Feira e ordenado definitivamente a feira de Cambre. Tamén é o responsable de ter construído un novo parque infantil no Parque da Igrexa, ou de facer moito máis seguro o skatepark do Dani Mallo.

O alcalde que algúns acusan de deixamento nas súas funcións, conseguiu as sendas peonís entre Cela e Lema, e en Sta. M^a de Vigo; ten conseguido, xunto co de Culleredo, a mellora do cruzamento do Paraugas; ten mellorado as instalacións e os viais do polígono de Espírito Santo; e ten conseguido o compromiso da Xunta de construír as beirarrúas na Xira.

Tamén lembra que conseguiu que se finalizaran as sendas peonís en Pravio ou que se vaia construír unha nova rotonda no cruzamento de Casa Boga. Este alcalde construíu unha nova base de Protección Civil; conseguiu que a Cruz Vermella se instale en Cambre; puxo en funcionamento os locais de ensaio; arranxou a piscina do Temple e construíu unha cuberta na pista polideportiva do colexio Portofaro. Ten creado unha dispensa municipal de alimentos e puxo en marcha un horto solidario.

Continúa dicindo que aínda que queiran criticalo, este alcalde puxo en funcionamento o Regulamento de participación cidadá, conseguiu a apertura da farmacia da Barcala,

creou o bono-taxi e o programa “Ti fas Cambre”. Tamén logrou traer a este pleno as ordenanzas de terrazas, de bibliotecas, de licenzas express, a de servizos sociais ou a de venda ambulante. Este alcalde é o responsable de ter posto en marcha un plan de modernización municipal que permitirá aos veciños, dende este mesmo mes, facer os seus trámites dende casa. Abriu un aula de informática na Barcala; tenlles garantido aos pais e aos xogadores do Brexo Lema o mantemento e importantes investimentos no campo no que xogan. E todo isto, di que o ten feito este alcalde despois de renunciar ao coche oficial, despois de ter garantido a transparencia na contratación pública e despois de solucionar os problemas que lle deixaron os que estaban antes.

Sinala que podería seguir e seguir enumerándolles todas e cada unha das cousas que se teñen feito durante o mandato deste alcalde, pero cre que xa é bastante, por iso non pode dar crédito ás críticas dos señores da oposición. Seguro que se poderían facer máis cousas, e as que se teñen feito seguro que se poderían ter feito mellor, recoñéceo, pero do que non poden acusar ao Sr. alcalde é de darlle as costas aos veciños nin de ter pasado estes tres anos quentando a cadeira. Poderán criticalo por calquera cousa, pero pide que non traten de convencer a ninguén de que Cambre non tivo alcalde, porque precisamente ese é o problema da oposición, que Cambre o que tivo foi un moi bo alcalde.

Continúa dicindo que a ninguén lle pode quedar a menor dúbida de que quedan moitas cousas por facer, pero que tampouco lle caiba a menor dúbida ao Sr. alcalde que tanto os membros do seu grupo municipal, como os afiliados e simpatizantes do Partido Popular, son e seguirán sendo os primeiros en esixirlle que siga traballando como o ten feito ata agora. Están convencidos de que cos orzamentos que a oposición rexeitou, era o único que pretendía.

Dille ao Sr. alcalde que para terminar lle permita dicirlle unha cousa en primeira persoa: “Manuel, creo que es unha persoa na que se pode confiar. Tes o meu apoio e estou seguro que tamén o apoio do resto dos membros do teu Goberno. Trouxeches aire fresco á Alcaldía de Cambre e iso agradézochos. Nestes tres anos tes conseguido poñer á institución da Alcaldía ao servizo dos nosos veciños, despois de levar case 30 anos ao servizo de só uns cantos. Tes conseguido gobernar un barco á deriva estando nunha absoluta minoría, e ninguén poderá negarte ese mérito. Pero, sobre todo, tes demostrado ser un cidadán ao servizo dos seus veciños. Ningún alcalde que quixera conservar o seu cargo a calquera prezo, teríase sometido a dúas cuestións de confianza seguidas. Pola miña parte, non podoo facer outra cousa máis que felicitarte. Por suposto, tes o noso voto favorable.”

Toma a palabra o Sr. alcalde e diríxese ao voceiro socialista, se ben di que aproveita para contestar tamén á acusación que lle fai o Sr. García, sobre que el actúa baixo as ordes da Xunta e da Deputación, e que iso o fai polos favores que lle debe aos seus amigos da Xunta e da Deputación.

El quere lembrarlles, e seguramente moitos veciños dos que están aquí o saben, que levan catorce anos pedindo as beirarrúas en Sta. M^a de Vigo e en Brexo Lema, e eles, que estiveron no Goberno, non foron capaces de conseguilo estando gobernando tamén na Deputación e na Xunta. Catorce anos.

Di que, home, que a Deputación será moi amiga del, non o dubida, pero en tres anos as beirarrúas están feitas e Brexo Lema e Sta. M^a de Vigo teñen sendas peonís, grazas aos seus amigos da Deputación, aos que el lles debe favores.

Os señores da Xira, en Sigrás, levan outros tantos anos pedindo que se lles fagan tamén as beirarrúas e a seguridade desa estrada, estrada da Xunta, estrada autonómica. Todos eses anos agardando, iso dito polos propios veciños, e vaise facer, este ano vaise empezar a obra. O proxecto xa está en licitación, e iso fixérono os seus amigos da Xunta, aos cales el lles debe favores, segundo o Sr. García. Na propia parroquia do voceiro de UxC e porque el, alcalde, lle debe favores á Xunta. Pero se eles queren seguir por ese camiño, dilles que sigan.

Pregúntalle ao Sr. García Patiño por que lle di que co Plan DTC da Deputación el perdeu 100000 euros. Pregúntalle de que lle está falando. El lémbrale ao Sr. voceiro que estivo no Goberno do 2003 ao 2007, foi partícipe do Goberno de Cambre, e entón diralle que a rotonda que se fixo diante do Día, ou a que se fixo no centro de Cambre, non se fixo na estrada autonómica nin en estradas da Deputación.

Dille que el aproveita o DTC, que lle dá a Deputación, que é diñeiro tamén dos cambreses, para aumentar a seguridade no centro de Cambre e tratar de evitar os atropelos. Non lle regala o diñeiro á Deputación, non. Certo é que a obra a podía ter feito a Deputación, pero entón non lles daría o diñeiro para outras obras. El con ese diñeiro non só vai facer a rotonda, tamén se van facer actuacións nas beirarrúas do Temple, e o Sr. García Patiño o sabe, que viu o proxecto. A rúa González Garcés vaise pavimentar e adecuar, porque está feita un desastre, con ese diñeiro da Deputación.

Pregunta como e onde se perde o diñeiro. O Sr. García Patiño o que pretendía é que a Deputación lles dera o diñeiro e ademais fixera a obra, perfecto, pero di que el a cambio tenlle pedido outra cousa. Díxolle á Deputación que el facía a obra co diñeiro que lle dá, pero que ela lle tiña que facer a senda peonil da marxe esquerda nos Campóns, e tamén a rotonda diante de Casa Boga. Di que iso é o que negociou coa Xunta, pero que iso o fai un alcalde que é un inútil, segundo a oposición, e non cumpre cos seus veciños. Dilles que el, como alcalde, móvese, non está quentando a cadeira.

A continuación dille ao Sr. Taibo que el dixo o que dixo, e teñen presentado esta cuestión de confianza porque a oposición rexeita un documento, que el ten na man, onde saben o que vai, e tiveron tempo para estudalo. Pero el non viu que teñan presentado no Rexistro do concello nin unha soa emenda, nin unha soa proposta, nin unha soa alegación a ese orzamento. Todo o que teñen feito é criticalo, iso é todo o que fixeron, criticalo no pleno, pero non presentan unha proposta por escrito, non o fan.

Ademais é unha incongruencia. A oposición asinou dous rogos conxuntamente, en plena negociación co Brexo Lema, para que o concello asumira o campo, dous rogos. Cando o PP no orzamento, unha vez asinado ese convenio, mete o mantemento do campo e as actuacións que teñan que levar a cabo este ano, para facer logo o campo ata o ano 2016, a oposición resulta que rexeita o orzamento. Pregunta con que cara lle din agora aos señores do Brexo Lema, do club de fútbol, que non lles van manter o

campo.

Reitera que é unha incongruencia total. E a oposición di que non se rifa a súa cadeira. Pregunta que queren que el lles diga. A voceira do BNG o dixo, eles veñen aquí a criticar e a tratar de desaloxar ao alcalde, é ao único que veñen aquí. Dilles que non lle aproben a cuestión de confianza, que teñen a posibilidade de votar en contra, que este alcalde non siga gobernando e gobernar eles. Eles teñen esa opción e dilles que a poñan en marcha, el non ten ningún interese en seguir quentando a cadeira se eles cren que o fai mal, pero dos que si lle vale a súa opinión é dos que están aí sentados, que son os veciños.

Continúa dicindo que o grupo de EU achácalle sempre a falta de diálogo, case todos os grupos o fan, din que non dialoga cos grupos da oposición. El entende que eles teñen as súas propostas, é certo, e moitas delas póñenas en marcha, incluso quixeran poñer máis, pero a oposición sempre as presenta mediante moción, ou mediante rogo, sempre nos plenos. Di que el só lembra un grupo que fora chamar á súa porta a dicirlle que tiñan tal idea, que o seu grupo tiña unha idea. Eles agardan que lles chame o alcalde para negociar, pero non veñen á súa porta. E iso non é que o diga el, a oposición vén, fala co arquitecto, fala coa secretaria, fala coa interventora, fala coa tesoureira, falan con todos os funcionarios do concello, menos co alcalde.

Eles saben que cada vez que teñen chamado á súa porta, e xa di que hai un grupo que si ten chamado un par de veces, sempre os ten recibido, sempre, e ten atendido as súas propostas, sempre, e ninguén o pode negar, pero el non lembra que ningún outro grupo teña ido chamar á súa porta. Pregúntalle á voceira do BNG se ela o ten feito, pero pídelle que non lle conteste agora, que logo o fará.

Dona M^a Victoria Amor Prieto dille que se lle alude como non lle vai contestar. Pídelle que lle deixe. Dille que o BNG non adoita, por principios, chamar á porta do PP.

Retoma a palabra o Sr. alcalde e di que o Sr. García Patiño tenlle acusado aquí de moitas cousas. De atrasar o Plan xeral de Cambre, de non falar da Vía Ártabra, de facer as rotondas da Deputación, do plan sectorial do Espírito Santo, de ter en precario o contrato eléctrico, as telecomunicacións, os xardíns, a auga, etc. Tenlle chamado irresponsable, pésimo alcalde e tenlle chamado de todo. Por decoro e pola súa forma de ser di que el non o vai insultar.

O contrato do Plan xeral de ordenación municipal atopouno asinado cunhas empresas, e o Sr. voceiro o sabe, pídelle que non utilice a demagogia. El cando chegou aquí atopouse un contrato asinado, el non o asinou, o seu Goberno non o asinou, asinou o anterior Goberno, en novembro do ano anterior a tomar el posesión, e el tivo que tragar coas empresas ás que se adjudicou o Plan xeral. Ese foi o erro, naquel momento é posible que as empresas estiveran ben, pero logo non. E di que antes de rescindir un contrato e meterse nun balbordo tenlle comunicado á oposición a posibilidade de rescindir o contrato, correndo os riscos que se corrían, ou ben convencer á empresa e continuar co Plan xeral. Todos estiveron de acordo, e pídelle que non veña agora a criticalo.

O Sr. García Patiño segue empeñado co tema da Vía Ártabra, e pode dicirlle que el, como alcalde, non o Sr. voceiro de UxC que na Xunta el non sabe a que despacho vai, pero el como alcalde ten feito máis polo tramo da Vía Ártabra en Cambre que o Sr. voceiro, bastante máis. O Sr. García o que quere é unha autovía que pase por Cambre e que os cambreses non a poidan utilizar, iso é o que quere.

Di que el foi á Xunta, pelexou pola Vía Ártabra, primeiro pola conexión á AP-9 e polígono de Espírito Santo, e logo pola súa continuidade, pero non en forma de autovía, senón nunha vía que teña cinco entradas e cinco saídas, como aprobou este pleno. Iso é o que defende el como alcalde. O único que ocorre é que a Xunta fixo o estudo de mobilidade e díxolle que para 2400 vehículos, unha estrada desas características, neste momento de crise, o mellor era agardar. A el parécelle normal, porque iso sería dilapidar, facer aeroportos onde non aterran avións, por exemplo, ou trens onde non hai estacións.

En canto ao Plan sectorial do polígono de Espírito Santo preguntalle de que lle está falando, porque foi o Sr. voceiro o que precisamente trouxo a pleno unha moción para frear o desenvolvemento do polígono de Espírito Santo. Trouxo unha moción a este pleno para frear ese desenvolvemento, acusando ao alcalde de favorecer aos empresarios. E logo di que o critican porque din que non hai partidas para o emprego.

Preguntalle ao Sr. García Patiño quen crea emprego neste país, se son as administracións públicas. Dille que serán os empresarios e que el o que ten que favorecer é que veñan empresarios a Cambre, o que non pode é poñerlle trabas, ten que favorecer que veñan empresarios a instalarse nos polígonos industriais, porque eses xerarán emprego, e iso é o que el favorece, e por iso defende ese plan sectorial.

Pero di que defende ese plan sectorial para que veñan empresas, que se poidan dividir as naves, porque naves baleiras son as que os levan á situación na que están.

Dille ao Sr. García Patiño que cando el chegou aquí para políticas de emprego nos orzamentos había cero euros. Cando el tomou posesión como alcalde, cero euros, hoxe 140000 euros en políticas de emprego. Teñen conseguido, dos seus amigos na Xunta, que cada ano lles dean varios obradoiros, e deses obradoiros saen empregados o 70%. Teñen conseguido que o 70% das persoas que van a eses obradoiros saian colocadas en empresas. Iso é o que se conseguiu. Todos os anos máis de 400000 euros lles dá a Xunta para eses obradoiros de emprego, e a oposición estalle a dicir que son os seus amigos e que non lle dan nada, perfecto.

O único que ocorre é que a oposición vén a este pleno cunha posición xa formada, que é a de desaloxar ao alcalde da súa cadeira. Dilles que o fagan, porque el non entende, nin o entenderá nunca, que eles, coa negativa de aprobar uns orzamentos aos cales non teñen presentado ningunha alegación nin ningunha emenda, paralicen o concello durante dous meses para que as obras non se fagan. Iso é o único que pretenden, o único.

Continúa dicindo que quixera facer unha última referencia á protesta polo horario deste pleno. Quen se somete á cuestión de confianza é o alcalde e é certo que os grupos lle teñen presentado un escrito para cambiar o horario, pero el á hora proposta, ás 20:00

horas de hoxe ten unha reunión concertada por un tema importante do concello, como é o tema da participación cidadá, e está convocada moitísima xente a esa reunión, por iso comprenderán que el manteña o horario do pleno, porque esta tarde asistirá onde ten que estar, que é nun tema de participación cidadá.

Dilles que eles se cren que o alcalde pode xogar coa súa axenda como el queira, pero a verdade é que non.

Dito isto pregunta se queren facer uso da réplica.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno reitera o que manifestou na súa primeira intervención en canto ás ordes que o Sr. alcalde recibe, directa ou indirectamente, moitas veces indirectamente, de Xunta e Deputación. O Sr. alcalde sabe que a Xunta nesta legislatura non fixo máis, en termos xerais e sobre todo determinadas consellerías, que afrontar os intereses dos veciños de Cambre. En concreto, di que quere referirse, e niso ata o Sr. alcalde ten coincidido con el, ás actuacións que teñen que ver coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e cun organismo dependente dela máis ou menos, Augas de Galicia. No pleno dos orzamentos do pasado luns, o Sr. alcalde coincidiu con el en que a actuación de Augas de Galicia non era realmente un exemplo de apoio ás necesidades de Cambre.

Para os veciños que hoxe están aquí e que non asistiron ao pleno dos orzamentos quere dicirlles que, dende o terceiro trimestre do 2012, Cambre ten transferido polo concepto do canon da auga, ou sexa que o pagan no seu recibo da auga trimestralmente, á Xunta de Galicia, en concreto a Augas de Galicia, 640000 euros. A obriga dese organismo é redistribuír eses fondos que recibe de todos os concellos de Galicia, para obras hidráulicas, saneamentos, abastecementos, etc. Pois ben, deses 640000 euros, como lle consta ao Sr. alcalde, non volveu a Cambre nin un euro, cero, co cal, están financiando dende Cambre á Xunta de Galicia.

El lembra que nunha ocasión lle pediu ao Sr. alcalde, e así llo fixo chegar, un CD cos proxectos de seguridade viaria que teñen pendentes, que teñen redactado memorias valoradas para executar e que en case todos os casos son responsabilidade da Xunta de Galicia, en concreto do Departamento de Infraestruturas da Consellería de Medio Ambiente. Están aí e seguen sen executarse.

Continúa dicindo que respecto do DTC 93 que se aprobou no pleno pasado, o grupo socialista criticaba que eses 219000 euros que van destinados a obras de competencia do Concello de Cambre se executaran en obras que tamén son necesarias, hai que recoñecelo, pero que ben puideran ser executadas pola administración responsable en primeiro termo de facelo, que era a Xunta de Galicia e Deputación. A pesar diso, coa súa abstención saíron adiante eses proxectos.

Porque vaille dicir unha cousa, fala de obstrucionismo por parte dos grupos da oposición, pero se el goberna, e vaillo dicir así de claro, coa tranquilidade con que goberna, é co apoio do resto dos grupos. Pregúntalle que proxecto de subvención, de Xunta e sobre todo de Deputación, o POS ou o DTC, que se teña presentado nestes tres anos nos que o Sr. alcalde leva ao fronte do Concello de Cambre, se ten botado

para atrás. A resposta é ningún. Cambre non perdeu un euro que tivera á súa disposición como consecuencia de transferencias doutras administracións e que teña necesitado do apoio plenario maioritario para saír adiante.

Falaba o Sr. alcalde tamén de que os grupos da oposición, en xeral, aínda que el vaise referir ao seu, ao grupo dos socialistas de Cambre, non teñen presentado ningunha proposta por escrito dirixida a mellorar as condicións de vida dos veciños. El dille que os orzamentos do 2012, como o Sr. alcalde ben sabe, saíron adiante coa abstención do grupo socialista de Cambre, non porque confiaran na súa xestión, senón porque lles parecía adecuado que, tendo en conta que tiñan feito unha serie de achegas ao documento orzamentario, en concreto uns proxectos de saneamento para Santa M^a de Vigo, Andeiro e de seguridade viaria no treito Cela, Meixigo, San Lourenzo e A Rocha, crían que melloraban o documento orzamentario e poñían sobre a mesa, sobre o equipo de goberno, a necesidade de levar a cabo uns proxectos, uns investimentos, que entendían de especial importancia, porque que dicir dos saneamentos de Andeiro e Sta. M^a de Vigo, dúas parroquias que non teñen nin un metro de rede de sumidoiros.

Pregunta se saben cal foi a contestación. O Sr. alcalde trouxo eses proxectos e os puxo enriba da súa mesa o mesmo día que trouxo a aprobación os orzamentos do 2013, ou sexa, un ano máis tarde, e aí seguen, no caixón dos esquecementos sen financiamento de ningún tipo e sen que se vexa o máis mínimo paso pola súa parte para poder executar esas obras que o Goberno aceptou a proposta dos socialistas.

Falando de incumprimentos, quere lembrar que un dos primeiros rogos que trouxo o grupo socialista neste mandato foi o de levar o autobús interparroquial á Mota en Cecebre. Imaxina que ten habido miles, centos ou decenas de reunións coa Dirección Xeral de Mobilidade, pero aínda así, un tema tan sinxelo como ese segue hoxe sen poder chegar a bo fin.

E o que ten feito o Goberno cando tivo algunha reunión coa Xunta sobre estes temas, é sacar unha nota, porque iso si que o fan ben e xestionan ben, o tema de prensa o xestionan perfectamente, e se transmite unha imaxe nalgúns temas que non se corresponde coa realidade. Ao día seguinte enviaban unha nota aos medios, que os medios evidentemente publicaban, dicindo que se fixeran esas xestións e que estaba aquilo a punto de resolverse. Pois ben, teñen transcorrido tres anos e temas como eses, temas en principio sinxelos, que non terían que ter maiores complicacións, seguen sen levarse a cabo.

Dille ao Sr. alcalde que nin todo é tan bo como el o pinta, nin todo é tan malo. Todo ten un termo medio e un sentido común. Agora, di que ratifica o dito, o Goberno municipal e o Sr. alcalde en concreto, ten amosado unha desconsideración e unha falta de recoñecemento ao resto de grupos en todo o apoio que ten recibido e que lle permitiu xestionar tranquilamente todas as súas obrigas, sobre todo aquelas que tiñan un contido económico, aquelas transferencias que viñan para executar obras en Cambre, e, como xa dixo, niso non se perdeu nin un euro.

Pregunta que dicir do tema da Edar de Bens, onde o único que se fixo foi, ante unha proposta que o Goberno traía mal fundamentada, con informes en contra, suxerirille unha serie de cambios para que puidera chegar a bo termo. E así foi.

Pídelle que non fale de postura obstrucionista por parte da oposición, en concreto do grupo socialista de Cambre, porque ata agora o único que fixeron é apoiar, naqueles temas que teñen considerado que eran importantes para os veciños de Cambre, a xestión do Goberno municipal.

Polo demais, reitera o dito, en termos xerais a xestión que vén realizando non lles gusta e, evidentemente, non prestan a súa confianza á acción de goberno que vén desenvolvendo.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que, falando de memoria, teñen memoria todos. Vaille falar do 2010 e vai dicir cousas que o PP e xente que está hoxe no Goberno, dixo no 2010. Falando dos orzamentos do 2010 que traía o anterior Goberno, o PP dicía que o fixeran con chulería e que manifestaran debilidade ao non ser capaces de establecer un diálogo rigoroso coa Corporación e ao non establecer en ningún caso ningunha canle de participación, unha forma de facer política prepotente, pasando de todos e de todo. Di que iso o dicía o PP no 2010, cousa que agora é o que están facendo, é dicir, o que censuraban é precisamente o que están facendo eles agora.

Falou de todos os proxectos e obras que teñen realizado. Dille que esas obras é verdade que están feitas, a gran maioría proxectos do anterior executivo, a gran maioría de todos os que fixeron.

Falaban de beirarrúas na Xira, e claro que si, el vaille felicitar cando vexa esas beirarrúas feitas. Diralle en hora boa Sr. alcalde, porque sabe que llo di cando ten que facelo.

As beirarrúas de Lema, dille en hora boa, están feitas. O Sr. alcalde sabe que membros de UxC traballaron tamén para que esas beirarrúas foran posibles e para iso reuníronse co Goberno e con asociacións no concello, supón que non o negará.

Dixo que a Deputación non lles daría diñeiro para outras obras. Son palabras do Sr. alcalde que acaba de dicir. El dille que claro que si, que o que hai é que presentar proxectos, proxectos para os veciños de Cambre, en estradas municipais, non en estradas da Deputación. O que hai é que esixirille que non só faga a rotonda no centro de Cambre, senón que faga a de Lema e que faga o resto, porque teñen dereito a que o faga, e teñen sobre todo dereito a esixilo. Di que iso é o que lle reprochan ao Sr. alcalde, que non ven esa esixencia por ningún lado.

Si é verdade o que dixo o voceiro de EU, non se rifan a súa cadeira, porque no é súa, é unha cadeira que está ocupando, pero non é súa, e iso é algo que o grupo de goberno non ten claro, cren que é a súa cadeira.

Tamén dixo que non foi el quen asinou o contrato do Plan xeral, e claro que non foi, xa llo dixeron máis dunha vez, non ten culpa da sinatura do contrato, pero si da xestión a partir dese momento en que é alcalde. Non pode obviar que é o alcalde de Cambre, aínda que colla contratos asinados anteriormente. Pola contra, o tema da auga, da luz, etc., seguen sen estar asinados.

Respecto da Vía Ártabra pídelles ao Sr. alcalde que non diga o que el non dixo nunca. Nunca dixo que quixera una Vía Ártabra sen accesos, xamais, de feito UxC ten traído propostas a este pleno que se teñen debatido dicindo todo o contrario. Di que non poña na súa boca cousas que el non dixo.

Respecto do polígono dixo que freaban o desenvolvemento. Dille que non, que UxC o que quere é que se desenvolva o polígono industrial dentro da legalidade e en igualdade de condicións para todos os empresarios, non para certos empresarios e certas actuacións, que como se viu non se podían facer dende este concello e si dende a Xunta. Tamén lle di que non teñen que ir a ningún despacho, que simplemente piden os informes e contéstanlles, e danlles a razón.

Igual que o tema da alegación do plan sectorial. O Sr. alcalde non sabe o que está falando do plan sectorial, é lamentable que faga declaracións como as que acaba de facer. No plan sectorial o Sr. alcalde non fixo ningunha alegación. O plan sectorial que tiña a Xunta de Galicia para polígonos non nomeaba o Espírito Santo, nomeaba exclusivamente dúas actuacións de particulares dentro do polígono, pero non ía máis aló diso. O Sr. alcalde o pode ver na contestación da Consellería de Medio Ambiente, a alegación que aceptou foi a de UxC. Pídelles ao alcalde que non diga parvadas a ese respecto.

Oíndo ao Goberno parece que están falando de concellos distintos, e é obvio que o que non quere oír non quere chegar a acordos.

Conclúe dicindo que UxC mantén a súa postura e volven dicirlle que non ten a súa confianza.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que el vai comezar por dicir que para el, e imaxina que para o Sr. alcalde tamén, non hai nada máis desprezable que a mentira, desprezable e reprochable. Dillo ao fío do que expoñía o Sr. alcalde, que os grupos da oposición non ían visitalo ao seu despacho coas súas iniciativas. Imaxina que el non lles vai dicir como teñen que facer a oposición, porque si que visitan aos concelleiros e concelleiras que estiman oportuno, nos momentos en que así o requiren as necesidades dos veciños e veciñas.

Vaile lembrar unha cousa ao Sr. alcalde, algunhas das propostas que presentou o grupo de EU. É máis, di que nunha ocasión, cre recordar que no ano 2012, o grupo de goberno preguntoulles aos grupos polo uso para a casa modernista da Arrigada, pediulles alternativas de uso. O voceiro de EU, e o Sr. alcalde o sabe perfectamente, porque os felicitou, foi un dos que presentou alternativas de uso á Casa da Arrigada. Posteriormente, como viron que, a pesar de que para todos os grupos eran positivas, esas alternativas non se levaban a cabo, presentaron unha moción que se aprobou en pleno, unha moción desas ás que o Sr. alcalde non dá traslado.

Agora puxeron a desculpa de que hai que liberar as instalacións do centro de saúde para que a biblioteca se traslade a ese inmovible. Dilles que eles tamén deberían falar coa oposición, porque hai unha moción aprobada, deberían ter falado coa oposición e dicirlles que cren que pode ser máis positivo que se traslade a biblioteca á Casa da

Arrigada e deixar para outra ocasión a aula da natureza e o centro de interpretación do río Mero. Iso é diálogo, o diálogo que o Sr. alcalde no practicou.

Posiblemente EU presentaría tamén alternativas para unha posible localización da biblioteca, e se non as houbera optarían polo mellor, polo que máis beneficiara aos veciños de Cambre. Por iso lle di que non diga que non hai diálogo e que non hai propostas, incluso a requirimento do propio equipo de goberno.

Vaile dicir máis, aquí se fixo unha alegación a todas as cuestións que fixo o Goberno, e el non vai dicir que non, evidentemente, pero só faltaría que non tiveran feito nada. Pero por citar algunhas cuestións que se lle ocorren, os veciños de Cambre seguen sen contar cun área recreativa e de espaxamento nas ribeiras do río Mero. Aquí presentouse unha moción nese sentido e seguen agardando unha resposta, porque de momento non teñen nada.

A sinalización nas instalacións e nas infraestruturas deportivas en Cambre levan pedíndoa dende o principio da lexislatura. A xente que chega a Cambre non sabe nin onde ten os campos de fútbol. O Sr. alcalde dixo que cunha subvención da Deputación se ía facer, pregúntalle cando.

Os veciños de Sta. M^a de Vigo e de Andeiro, como se dixo aquí anteriormente, seguen agardando os seus servizos de saneamento. Os veciños e veciñas de Cambre seguen sen poder participar nos plenos, aínda que está aprobado un Regulamento de participación cidadá, iso chámase democracia participativa, iso chámase dar voz aos veciños.

Tampouco foron capaces de mellorar os servizos do centro de saúde. Estase intentando, pero seguen tendo que chamar ao 092 e téñenos media hora co teléfono colgado, sobre todo coas dificultades que teñen as persoas maiores, e por riba pagando un servizo. Tamén se trouxo a este pleno.

A seguridade, por exemplo, na estrada de Meixigo, onde se aprobou unha iniciativa en pleno, e na que o concelleiro de Servizos aceptou actuar nunha curva que consideran perigosa os veciños. Pero non se fixo nada, é máis, había 10000 euros orzamentados que agora se suprimiron.

Os veciños de Cela, unha parroquia de Cambre como moitas outras, e que tampouco é a máis pequena, seguen sen ter un sitio, un área recreativa, un centro social onde poidan estar. En definitiva, seguen sen ter nin sequera un banco para poder sentarse.

A seguridade de Cela ao Canal, que tamén se aceptou neste pleno, poñer unhas biondas que protexan nun sitio que todos coincidiron é moi perigoso.

Están agardando tamén que se lles facilite o censo do patrimonio eclesiástico do Concello de Cambre para poder intentar cobrar o IBI, como pagan todos os veciños.

E, sobre todo, e dille ao Sr. alcalde que iso si é moi grave, neste pleno méntese. Dillo alto e claro, con maiúsculas e acentuado, méntese.

Continúa dicindo que esas son a modo de exemplo as iniciativas que presentou o grupo de EU, que son case 600, algunhas delas se estimaron, pero a inmensa maioría non, sobre todo pola falta de diálogo.

Cando di que se mente, non vai tirar a pedra e esconder a man, a pesar de que xa se falou aquí moito dese tema. Lébralle que no pleno do día 15, cando se estaba a debater o plan DTC da Deputación provincial, nin máis nin menos que 219000 euros, o Goberno mentiu, ao grupo de EU, ao Pleno e aos veciños de Cambre. Cando estaban debatendo e falando dos informes que se estimaban preceptivos ou non para esas actuacións, a el díxolle un membro do Goberno que se tiña falado co técnico, e dixeronse o nome e apelidos dese técnico. Pois el dilles que iso é mentira, segundo as propias afirmacións do técnico non se falou con el.

Di que iso se dixo aquí, e se eles din que falon cun técnico, pois ben, está arranxado, pero non se falou con ese técnico. Dilles que non se pode mentir desa maneira nun pleno. Nese sentido gustaríalle que o Sr. alcalde tomara medidas ante a gravidade deses feitos.

Continúa dicindo que o grupo municipal de EU non pode dar o seu apoio a un alcalde que no transcurso do que vai de lexislatura mantén contratos con empresas que prestan os servizos en precario. E non é que o digan hoxe, o veñen dicindo continuamente e reiterando ao longo de toda a lexislatura, sobre todo cando nestes momentos a desafección cara á política e cara aos políticos, os temas de corrupción que hai, incluso cara á propia democracia, están como están.

Di que iso sería transparencia municipal, formalizar eses contratos. Non é que leven tres anos, e que levan dez con algunha das empresas, sen contratar, e seguro que o concello está perdendo diñeiro, e os veciños de Cambre estanse privando de que non haxa outros investimentos, porque ao mellor eses contratos poderían ser máis baratos. Pero simplemente por transparencia deberíanse contratar eses servizos.

Nese sentido, di que EU non vai ser cómplice desa deficiente xestión municipal do diñeiro público.

Tamén di que todo parece indicar que o sentido desta cuestión de confianza é unha estratexema política que lle permite ao Sr. Rivas, e por extensión a todo o Goberno, facer responsable á oposición da ineptitude pola que o actual Goberno pasará ao recordo dos veciños e veciñas de Cambre.

Reitera, como os compañeiros e como dixo antes, que non se chamou aos grupos para elaborar os orzamentos. Non foron convocados para estudar o borrador inicial. Entregouse a documentación con poucos días de antelación e, ademais, presentouse practicamente a mediados do ano que se orzamenta.

Quen non deixa gobernar é o propio alcalde, é el quen non amosa nin o máis mínimo interese en facer un esforzo polos veciños, e convocar aos grupos, para que en representación de toda a veciñanza se poidan elaborar uns orzamentos que satisfagan á maior cantidade de persoas posible.

Conclúe dicíndolle ao Sr. alcalde que non confían nin confiarán en quen ten a chave para que estes orzamentos se fagan de xeito consensuado e satisfactorio para todos e para todas, pero que por non perder nin un ápice da súa arrogancia prefiren someterse de novo a unha cuestión de confianza, en vez de baixar do seu pedestal e falar con todos os grupos da oposición. Di que ese é o tema, e eles repiten o que antes dicía o Sr. alcalde, diálogo, diálogo permanente. Tiña que haber moito diálogo, sobre todo tendo en conta que se trata dun goberno en minoría.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que procurará ser breve. Como cuestión preliminar, sobre o horario do pleno ao que o Sr. alcalde fixo mención na súa segunda intervención, quere dicir simplemente que o Sr. alcalde ten, efectivamente, e así o dixo el mesmo, a potestade para convocar este pleno cando queira, pero non só nestes días do mes de maio, en metade dunha campaña electoral, senón que tivo seis meses para convocar este pleno e dilles agora que non pode ser hoxe ás 20:00 horas porque ten un acto.

A el lémbrale o Sr. alcalde o papel que tiña o penúltimo ministro do Movemento Nacional na ditadura franquista, un señor que se chamaba Herrero e que era de Castellón e que dicía “Nós poderíamos estar a prol da democracia pluripartidista, pero os principios fundacionais do Movemento o impiden”, e di que o Sr. alcalde igual, estaría a favor de poñer o pleno ás 20:00 horas, pero el mesmo, coa programación que ten o concello, o impide.

Di que o BNG reclama que se cumpra, unicamente, o que di o Regulamento orgánico municipal, que rexe a vida política no concello e que establece que os plenos deben ser de maneira preferente, sexan ordinarios ou extraordinarios, ás 20:00 horas.

En relación coa vida municipal, o Sr. alcalde pon en solfa o papel da oposición no diálogo, nas iniciativas, nas conversas que poida ter cos funcionarios desta casa. Dille que ese é un camiño moi difícil de transitar, non se pode poñer en dúbida na sede do pleno o labor da oposición, que loxicamente se apoia no seu traballo, nas relacións cos funcionarios, só faltaría. Pregunta como non van poder falar coa secretaria de temas que afectan á vida do concello, ou co arquitecto municipal, ou absolutamente con quen a oposición considere. Di que o problema é que non se fala, o problema é de non falar, non precisamente de falar demasiado.

Fixo o Sr. alcalde unha serie de mencións, que simplemente lle quere dicir que son total e absolutamente erróneas. No relativo ao PXOM, o actual Goberno entrou ex novo en política, agás algunha excepción no equipo de goberno, no presente mandato. Di que el naquel momento non era concelleiro, pero ten perfectamente referenciada esa situación. O Goberno asumiu, é certo, o Plan xeral cunha UTE de empresas da que dalgunha maneira se tiveron que facer cargo, e el sabe positivamente que o grupo do BNG, e algún outro a maiores, déronlles un voto de confianza e carta branca para que fixeran o que consideraran, dixéronlles: Tedes catro anos por diante, se vedes necesario romper, se vedes necesario reformular, se vedes necesario reconsiderar o que sexa con ese proxecto e con ese pastel que vos vén dado, facédelo. Iso porque tiveron colaboración da oposición, aínda que non o queiran recoñecer.

Continúa dicindo que o Sr. alcalde ten unha maneira de entender a política que eles

non entenden, porque dilles que non achegan iniciativas. O BNG por principios está moi distante do PP, pero cumpren co seu traballo municipal, tal é así que o BNG, igual que outros grupos da oposición, fai un traballo constante e continuo en todos os plenos, nas comisións, nas xuntas de voceiros, de traer infinidade de propostas. O que pasa é que ao Sr. alcalde gústalle máis o tête à tête, as conversas de despacho e esas cousas un pouco a media voz. É unha maneira de facer política que o BNG non comparte.

Di que igual é certo que son, nese sentido, un pouco excesivos nas súas reticencias, pero dille ao alcalde que veñen dun momento político que pasou no ano 2011, e iso si que o recoñecen sen ningún tipo de problema, onde parece que ás veces o salón de plenos de Cambre estaba nos reservados do Gallo de Oro, no Refugio, ou en Casa Pardo, e houbo nese disparate de goberno, catro membros que nun momento, como ben dixo o Sr. Felipe Andreu, eran do BNG. Precisamente por iso deixaron de selo, e precisamente quizais por iso tamén pagaron un elevado custo electoral nas urnas, pagando os erros do pasado, porque eles están en política para ser honrados, e non lles doen prendas en recoñecer os erros, como non lle debería tampouco doer ao equipo de goberno.

Unha cuestión importante para o BNG ao cabo deste mandato, que non ten tampouco unha plasmación nos orzamentos, é a cuestión de mobilidade, porque é un factor de vertebración e cohesión social. Dille ao Sr. Rivas que se poña na estación de Cambre ou na estación de Cecebre a esperar o tren, que se poña na entrada de Meixigo ou en calquera punto intermedio da parroquia de Bribes a esperar o bus. Pide que lles diga cantos trens pasaban por Cambre antes de chegar á Alcaldía e cantos buses pasaban por Cambre antes de chegar á Alcaldía, e cantos fan parada e pasan agora.

O Sr. Rivas niso tivo unha actitude que ben recorda á de José María Aznar na tarde do 11 M do 2004, cando chamou aos directores dos xornais para dicirlles que fora ETA. O Sr. alcalde á metade do mes de xaneiro colleu aos xornalistas dos diversos medios de comunicación da comarca para dicirlles que os buses ían ser repostos. Semanas despois, o problema está resolto. Semanas despois, os buses volven de inmediato.

Di que están rematando o mes de maio do 2014 e os buses, por hache ou por be, seguen sen volver, pero o Sr. alcalde fabrica unha realidade mediática ao seu antollo. Di que alá cada quen se decide colaborar con esa estratexia, estratexia do Sr. alcalde de total e absoluta submisión ás empresas privadas.

Iso é algo que o BNG non entende, eles defenden un papel activo da administración pública, onde ela é a titular dos servizos, aínda que sexan concesionados. Aquí ven que multitude de empresas subministradoras de servizos ao concello actúan como se elas foran realmente as tenedoras, as titulares propias, verdadeiras, primarias, deses servizos, e o concello ten unha relación de submisión con elas. Din dende o Goberno que o contrato non acabou, que é un convenio asinado, que non se pode, que lles están a dar unha volta, que tiveron unha reunión con eles... El dille ao Sr. Rivas que dende o seu grupo ven que ten unha actitude total e absolutamente submisa. Submisa coas empresas privadas e submisas co PP.

Continúa dicindo que o BNG nin o fai agora, nin o fixo onte, nin ata que teñan probas o

farán, non van poñer en dúbida a honorabilidade do Sr. alcalde a nivel de se ten determinados intereses en permanecer na Alcaldía ou en cultivar unha nutrida axenda de contactos coas altas esferas do PP, pero o que si din é que ten unha actitude total e absolutamente dócil coa Deputación, coa Xunta e co Goberno estatal.

O Sr. alcalde actúa como no chiste aquel no que se atopaba a unha persoa pola rúa a quen lle estaban dando unha tunda tres paisanos. A persoa é Cambre e as tres persoas que estaban mallando nela son Deputación, Xunta e Goberno estatal. El como alcalde de Cambre diría “se ves a tunda que lle metemos entre os catro”, porque se pon do lado dos que mallan no Goberno municipal de Cambre, e esa non é unha cuestión fútil, é perfectamente constatable.

Para rematar, di que está o tema do DTC. Falaba o Sr. alcalde do DTC e de poñer en perigo os cartos para Cambre. Dille que os cartos do DTC xa se perderon cando chegaron a Cambre. O BNG ten unha opinión crítica sobre o POS, porque consideran que ese tipo de plans deberían ser perfectamente deseñados dende a Deputación e non directamente polos concellos, porque así se poderían favorecer obras de interese supramunicipal, pero quere dicirlle ao Sr. alcalde que o POS víñase realizando pola Deputación provincial da Coruña dende a primeira lexislatura democrática no ano 79, coas mesmas bases, cos mesmos criterios, pero esas bases e eses criterios foron modificados polo PP para a elaboración deste DTC.

Comezaron a terse en conta unha serie de criterios relativos á poboación, superficie e presión fiscal. Foron unhas medidas feitas ad hoc polo PP para que A Coruña, Ferrol e Santiago, as tres grandes cidades da provincia que ata ese momento non participaban a grosso modo do reparto do POS, entraran no reparto deses cartos, e iso porque o PP goberna Ferrol, A Coruña e Santiago por primeira vez na democracia. E o Sr. alcalde, que vai alí como deputado provincial do PP, pero que é tamén alcalde de Cambre, calou a boca, e Cambre é o quinto concello de toda a provincia, dos 90 e pico case 100 que conforman a provincia da Coruña, que máis cartos perdeu, concretamente un 35%.

Se eses 18 millóns de euros que se repartían co POS se seguían repartindo con criterios do POS en vez de co DTC, Cambre tería recibido un 35% máis de cartos. Dilles que eles menean a cabeza, moven a cabeza, amósanse altivos neste pleno, porque non son altivos onde teñen que selo. Por iso o BNG non confía no Sr. alcalde.

Hai multitude de cousas. A relación con Emalcsa, o Sr. alcalde dixo que máis cedo que tarde habería novidades sobre a posible incorporación de Cambre ao consello de administración de Emalcsa, tamén con administración amiga do PP, e absolutamente nada, rien de rien.

Pero a maiores diso di o Sr. alcalde que non hai propostas, e el dille que hai unha proposta que fixo o BNG, e fixeron o conxunto de grupos da oposición dende o comezo do presente mandato, e que para eles é unha condición sine qua non para debater e chegar a aprobar uns orzamentos municipais. Di que eles non poden aprobar uns orzamentos municipais onde se crea un órgano colexiado ficticio, a xunta de goberno con periodicidade semanal, unhas reunións que ten que saber a xente que moitas veces non duran máis de dez minutos, onde un membro do equipo de goberno

cobra semanalmente 450 euros, nun salario encuberto que é total e absolutamente vergonzoso.

A maiores diso, os membros do Goberno municipal de Cambre, se embuchan 29000 euros por media dedicación, e o alcalde 32000 euros por media dedicación. O BNG defende que teñen que cobrar, claro que si, polo seu traballo e entenden que o alcalde de Cambre, un concello de 24000 habitantes, cos problemas que ten, ten que selo a xornada completa, por suposto que si, pero pide que boten contas e que lles digan se entran dentro da media ou do razoablemente explicable medias xornadas de 29000 euros/anuais.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicirlle ao Sr. Carballada que ía ser breve, e que el non lle quixera cortar.

Don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que remata xa, que o tema do Brexo Lema non merece máis comentario, fixo o Sr. alcalde moi ben ao inicio da súa intervención en citar a Groucho Marx.

E repite, o tema dos membros do Goberno, como xestores. Simplemente un exemplo, o ano pasado, logo de consensuar co Partido Socialista unha medida, pactaron a obra da mellora da seguridade viaria e construción de beirarrúas na estrada que vai de Cela, Meixigo, San Lourenzo, Anceis e chega ata A Rocha. Foron 20000 euros, realizaron o proxecto, e este ano a partida orzamentaria é de cero euros.

Pídelles que gobernen cun pouco de cabeza, que rematen as cousas que empezan, que o fagan. Son de dereitas, cuestión que o BNG loxicamente non pode cambiar dende a oposición, non aspiran a reconvertelos ao seu credo ideolóxico, pero ao que si aspiran, polo menos, é a que sexan uns xestores minimamente eficientes, e por iso rexeitan este orzamento, por iso non confían no Sr. alcalde e por iso lle agradece a súa permisividade coa súa extensión no tema.

Toma a palabra o Sr. alcalde para darlle as grazas pola súa intervención e dille que iso que ía ser breve.

Don Daniel Carballada Rodríguez di que llo pon difícil.

O Sr. alcalde contesta que non, que el non llo pon difícil ao Sr. conselleiro, porque na súa intervención dixo que aínda non era conselleiro, e grazas a Deus. Pide que lea o seu discurso e darase conta que dixo que el aínda non era conselleiro, e reitera, grazas a Deus.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do PGD e integrante do GM, manifesta que aquí falan todos de historia, todos saben cousas de atrás, todos din que antes uns eran bos, outros eran malos, etc. El ten a honra de ser o concelleiro que máis anos leva neste concello, na Corporación de Cambre, e tamén ten historia e tamén ten memoria. Aínda que vai maior, quedalle a memoria, algunha ten, e di que lle fai moita graza cando algúns agora se dedican a pedir que se fagan redes de sumidoiros en Sta. M^a de Vigo e Andeiro, por exemplo. Pregunta por que non se fixeron antes.

Di que quere lembrar, e non hai moitos anos, que sendo o Sr. Augusto Rey concelleiro de Obras e Servizos, a Xunta de Galicia fixo un programa de instalación de saneamentos, de redes de sumidoiros, no termo municipal de Cambre, e noutros concellos igual, que non lle custaba nada aos veciños de Cambre. Naquel entón o Sr. Rey era concelleiro de Obras e Servizos e el era de Deportes e máis era secretario xeral da Agrupación Socialista de Cambre. Nese momento foi cando se fixeron, que os fixo a Xunta de Galicia gobernada polo PP, os saneamentos en Sobreguexe, en Cecebre, en Bribes, Peiraió, en Sobrecarreira, e tamén estaba previsto facelos en Gosende, Andeiro, e Mercurín, Anceis.

A Xunta fixo os proxectos e fixo todo, e o único que lle pedía ao Concello de Cambre era que facilitasen os terreos, a obtención dos permisos dos terreos por onde pasaban esas canalizacións. A maior parte delas ían por estradas municipais, co cal non tiñan ningún problema, pero había algunhas que pasaban por terreos privados, e el lembra que reunidos no despacho do Sr. alcalde de entón, todo o grupo de goberno, faláron de ver como pedían eses permisos, e lembra que o Sr. Augusto Rey dixo que el non estaba disposto a traballar para outras administracións, que iso era un problema da Xunta. Tamén lembra que el nese momento, que era secretario xeral, dixo que cría que aquí estaban para traballar ao servizo dos veciños de Cambre, non para outras administracións, e para que se puxeran o máximo de servizos no municipio.

Resulta que o Sr. Rey negouse a facer esas xestións, seguiu coa súa, dicir que non estaba aquí para traballar para outras administracións. Tiveron que ir pedir os permisos, o Sr. alcalde e o Sr. Arcay a Cecebre, para pasar por detrás do cemiterio da igrexa de Cecebre ata a casa Wenceslao Fernández Flórez. Para poñer os bombeos en Bribes, en Peiraió foi pedilos el mesmo, o Sr. Marante, e tamén fixo as xestións para o de Mercurín, onde ía previsto poñer unha depuradora, porque en Sobrecarreira non fixo falta.

Incluso despois, cando el marchou do Partido Socialista, enfadado coa situación, estando xa presentado co Partido Galeguista e na oposición, foi chamado polo anterior alcalde para preguntarlle polo tema da depuradora de Mercurín. El díxolle que estaba no concello, pero que, non obstante, que non se preocuparan que lles facilitaba outra vez os propietarios, e eses propietarios viñeron ao concello.

A Xunta, meténdolle présa ao concello para que dera os permisos, porque esa instalación que estaba previsto facer en Andeiro, na zona de Gosende, cara a Mercurín, eles xa a tiñan punteada, incluso as conexións na estrada pintadas, unicamente pendentes do problema da depuradora. Ao final iso chegou tarde, mal e arrastro e os cartos se perderon.

E di que agora están aquí, machuca que machuca co saneamento en Andeiro e Sta. M^a de Vigo. Dilles que non tiñan nin proxectos feitos, e que non fixeron ningún proxecto en tantos anos como estiveron aí. Agora si teñen uns proxectos, e tan pronto como lles sexa posible, intentarán poñer ese saneamento.

Este ano, se non puido ir ese saneamento en Andeiro, que era onde máis avanzado estaba o proxecto, foi porque fixéronlles unha achega os veciños cando xa tiñan o

proxecto feito, a punto de metelo para o POS deste ano, e non se puido meter porque non lles deu tempo despois de reformar e ampliar o proxecto para facelo doutra maneira. Tiñan apalabrado ata o terreo para poñer a depuradora. Eles si que están facendo e avanzando para preparar as cousas.

Continúa dicindo que, para aclarar outro tema, en relación co que din do DTC, que se a estrada é da Xunta, que se é da Deputación, e tantos problemas polo dos permisos que tiñan que ter das outras administracións, e que chegaron, como saben todos, tarde, mal e arrastro e poñendo uns condicionantes que hai que aclarar, loxicamente iso en día e medio non se puido facer. Nada máis se trata de intentar agora tramitar todos eses permisos.

O Partido Socialista abstívose, outros votaron en contra, outros levantáronse do pleno e marcharon dicindo que esas obras tiñan que facelas as administracións que lles corresponde, que sería Deputación ou a Xunta. Claro, iso está fenómeno, pero non hai moito tempo eran eles os que pedían aquí, a esta Corporación, que na N-550, en Enxertos, se puxera un semáforo e máis un paso de peóns. Pois dilles que esa estrada tampouco é do concello, pero a oposición pedía que se puxera por parte do concello porque Fomento dáballes o permiso para facelo. Que se puxera o semáforo e o paso de peóns alí. Esa estrada tampouco é do concello e os cartos si que eran do concello nese caso, porque tiñan que ser do orzamento municipal.

As beirarrúas que van dende Cambre ata O Temple van por unha estrada da Deputación, e fixéronse cos POS de Deputación, un equivalente ao DTC. As estradas de Cambre á Rocha fixéronse cun POS de Deputación, e a estrada é de Deputación. Di que a ver, que cando están uns vale todo e cando están os outros non vale nada. Hai que ser serios e a historia tamén hai que sabela un pouco, porque el comprende que os concelleiros que están aquí novos, que ao mellor non saiban esas cousas e vaian con toda a boa vontade, porque di que el entende a boa vontade de todo o mundo que está na Corporación, fíase de todos, de toda a Corporación, tanto lle dá que sexa a oposición que o Goberno, di que se fía de todos. O que pasa é que non poden estar facendo demagogia, mareándolle a perdiz aos veciños de Cambre da maneira que o están facendo, de verdade, teñen que ser algo máis serios.

Di que, por certo, nas beirarrúas dende Os Campóns ata A Rocha había feito un informe. Loxicamente había que ter a dispoñibilidade dos terreos cando se fixeran as obras do POS. Comunicouse á Deputación que estaban a disposición os terreos dos veciños, e aos veciños mandáronlles unha carta, pero resulta que con eles non falara ninguén. Cando a el lle coincidiu levar Obras e Servizos noutra lexislatura, resulta que tivo que negociar veciño por veciño as condicións de pasar as beirarrúas e estiveron a punto de non poder facelas, e tiveron que facer peches, facer un montón de achegas, para poder levar a cabo a obra.

Por outro lado, está a criticalos agora aquí porque teñen sen contratar o servizo de parques e xardíns, entre outros. Di que dende que chegaron ao Goberno intentaron sacar ese asunto a contratación. O que se encontraron é que estaba o prego feito, el púxose a revisar o prego e viu que aparecía que se ía cortar a herba do cemiterio de Andeiro e de Brexo Lema. En canto á superficie que se cortaba noutra zona do Temple a el tampouco lle saían as contas. Entón, pediu que o revisaran, porque iso

non podía ser, ou se cortaba a herba de todos os cemiterios das parroquias ou non se cortaba a de ningún, o que non podían era cortar a uns si e a outros non polo que sexa.

Di que iso comentouno nunha comisión de goberno, aínda que fora informal, o que chamarían antes xuntas de coordinación e, entón, automaticamente a secretaria do concello dixo que ían ver, que estaba unha empresa elaborando o inventario de bens do concello, de momento non o trouxo, e resulta que mentres non teñan ese inventario totalmente preparado non poden sacar a contratación o tema das zonas verdes. Loxicamente di que el quere que o documento sexa serio, que non sexa unha andrómene como estaba facéndose o servizo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedirle que vaia rematando.

Don Manuel Marante Gómez sinala que si, que simplemente está aclarando temas, simplemente para que quede claro que determinados temas non é por deixamento do Goberno municipal, senón por circunstancias alleas a eles.

Di que pasa o mesmo co inventario de camiños, el prefería poder sacar a roza e desherbado non cada ano, porque iso é unha leria e sempre se atrasa todos os anos o proceso, quería sacalo polo menos por dous anos prorrogables a tres ou catro, para darlle máis axilidade tanto á xente de contratación como de servizos, e os técnicos terían máis tempo para outros temas. Pero di que non teñen un inventario de camiños aprobado nin ten sentido o que está provisionalmente aprobado.

É dicir, hai auténticas cousas incongruentes, camiños que non están recollidos como públicos e que son camiños que cruzan o concello dun lado a outro e comunican entre concellos. Hai algúns que non están nin recollidos, hai outros que segundo as pautas que se dan de que se entenden por camiños públicos todos aqueles que teñen entrada ou saída a outro público, pois moitos deses non están así recollidos e outros están recollidos que teñen entrada e saída polo mesmo sitio, pero non para outro lado.

El non pode tragar e comulgar con todo iso, e por iso ten que todos os anos facer a contratación da roza, moi a pesar del e de que os veciños protéstanlle a el igual que lle protestan á oposición e a todos, porque din que non hai dereito a que teñan as cunetas como as teñen, pero el pregunta como queren que estean, el non ten máis marxe, están contratando todos os anos as mesmas cuestións por ter un inventario de camiños que non vale e di que prefire calarse.

Despois a oposición dilles que cobran un diñeiros, a alguén llo oíu dicir, e a el concretamente levan criticándoo en cincuenta mil plenos, dicindo que cobra moito polo que está facendo. Di que el está levando a Concellería de Obras e Servizos igual que a levaron os seus antecesores, o último, por exemplo, Xabier Iglesias. Ese concelleiro cobraba 48000 euros de dedicación exclusiva, e el cobra por asistencias e vén cobrando en torno a 1500 euros/mes, o que equivale a uns 18000 ou 20000 euros/ano. Con isto estalle aforrando ao concello na lexislatura en torno aos 100000 euros, que van para os veciños de Cambre.

Pregunta por que lle critican a el o que cobra, porque a el parécelle que está

traballando coa mesma intención e coa mesma dedicación que podía traballar ese señor, porque el bota o día traballando para Obras e Servizos, e el tamén o botaba.

Toma a palabra o Sr. alcalde para reiterarlle a petición de que vaia acabando.

Don Manuel Marante Gómez pide que sexan un pouco coherentes. El cre que non está cobrando ningunha barbaridade, aínda que tampouco vén aquí a perder cartos. El cobra por traballar, non para perder cartos, e di que anda co seu coche para todos os lados, agás algunhas raras ocasións que vai na furgoneta de Obras e Servizos co capataz. El non vai nun xantia nin cousas desas para que o leven a ningún lado, cando ten que ir a algún sitio, ou a algunha administración, vai no seu coche.

Di que sempre están a queimalo co que cobra, porque efectivamente cobra 400 e pico euros polas comisións de goberno, vale, pero antes cobraban os 400 e pico pola comisión de goberno, máis polas xuntas de coordinación, que agora xa non existen. Pregunta se queren que cobre menos aínda, porque despois polos plenos cobra exactamente igual que os concelleiros da oposición.

Parécelle que lle está aforrando, da maneira en que está cobrando, 100000 euros na lexislatura aos veciños e veciñas de Cambre. Cre que non merece crítica de que cobra moito.

Toma a palabra o Sr. alcalde para poñer orde, e ante a petición que fai o voceiro do PSdeG-PSOE que solicita intervir por alusións clarísimas, dille que el cre que xa aprenderon a regular estes plenos. El non sabía o que ía dicir o Sr. Marante, pero isto é unha moción de confianza, é o alcalde quen se somete á cuestión de confianza.

Di que o Sr. Marante é do Partido Galeguista e aquí todos os grupos teñen falado. De acordo que é do Goberno, ou do Grupo Mixto, pero o Sr. Baamonde renunciou á súa réplica e cedeulla ao Sr. Marante. El preguntoulle ao Sr. Baamonde se quería dicir algo, dixo que non, e deulla ao Sr. Marante.

Insiste en que aquí a discusión de todos eles é co alcalde, non discusión entre concelleiros.

Don Augusto Rey Moreno sinala que ao Sr. Marante permitiulle a intervención máis longa en extensión.

O Sr. alcalde contesta que a intervención máis longa foi a do Sr. Carballada e non lle dixo absolutamente nada.

Don Augusto Rey Moreno reitera a súa solicitude dunha breve intervención.

O Sr. alcalde dille que non, que a intervención para pechar este debate vai tela o alcalde.

Don Augusto Rey Moreno di que non é para pechar o debate, que iso correspóndelle ao alcalde, como non pode ser doutra forma, pero, en todo caso o que non ten sentido é que sen coñecer o posicionamento con respecto da cuestión de confianza do Sr.

Marante, teña largado un panexírico aquí que non hai por onde collelo, e por riba sen moderalo, evidentemente.

O Sr. alcalde manifesta que el si o ten moderado, chamouno á orde tres veces igual que chamou a outros. Dille ao Sr. Rey que eles o tachan de ditador, pero el é bastante permisivo, porque se se limita aos cinco minutos e aos tres minutos da réplica, este pleno tería acabado hai unha hora.

Polo tanto, di que o que pecha este pleno é o Sr. alcalde, que é o que se someteu á cuestión de confianza. Os señores concelleiros xa debateron, xa expuxeron as súas posicións e, como se pode apreciar, o que están discutindo é unha cuestión de confianza vinculada á aprobación duns orzamentos, e a oposición o que non quere é que se aproben eses orzamentos. Di que os seus motivos serán, porque el segue dicindo que se tiveran simplemente lido os orzamentos do ano 2014, e aquí se teñen referido aos votos do ano 2012 apoiando o PSOE ao alcalde, etc., se tiveran lido o documento, saberían perfectamente que os orzamentos os aceptan, e os aceptan por unha sinxela cuestión, porque senón terían presentado emendas.

Naturalmente, os concelleiros saberán o que fan. Eles son os que deciden, porque si é verdade que teñen a maioría para decidir, aínda que o Goberno de momento o ostenta o PP, conxuntamente co Partido Galeguista, pero a oposición é a que decide, porque está en maioría.

Pero dilles que saiban que son eles os que lles van ter que dar explicacións aos veciños, aínda que o alcalde poña a cara de momento, son eles os que lle van ter que dar explicacións aos rapaces do Brexo Lema, a por que non se fai un aparcadoiro no centro de Cambre, por que non se cambia a estética do centro de Cambre, por que non se pode incrementar o mobiliario urbano, por que non se poden acondicionar camiños, redes pluviais, abastecementos na Pega, en Sigrás de Abaixo, en Peiraio, etc. Tamén novos investimentos en puntos de luz, noutros investimentos de eficiencia enerxética, en terminar a insonorización dos locais de ensaio, nas obras de mellora do centro municipal, na adecuación da Casa da Arrigada para poder ceder espazo ao centro de saúde e aforrarse 70000 euros/ano. Terán que explicar por que non se arranxa o acondicionamento do anfiteatro, a instalación solar térmica de auga quente sanitaria na piscina municipal da Barcala, a auga quente sanitaria nos campos de fútbol de Lendoiro, a reforma da piscina da Barcala, todos os investimentos en instalacións deportivas, etc.

Di que a oposición ten acusado ao Goberno de moitas cousas e, loxicamente, todas elas negativas, e eles soamente teñen un firme propósito, que é paralizar este concello da mesma forma que o fixeron o ano pasado, facendo gala dunha irresponsabilidade política que non merecen os veciños. Os veciños de Cambre son os que non os merecen a eles. Iso quedou claro o ano pasado e todo parece indicar que volverá agora a suceder.

Pois ben, di que se tan malo é este Goberno e tan malo é o alcalde, se tan negativo é, se non lle van deixar traballar, se pensan bloquear este concello, pide que non o fagan, que sexan valentes. Nas súas mans está desprazar a este alcalde e ao seu equipo de goberno da Alcaldía. Nas súas mans está menosprezar a vontade do pobo

de Cambre que hai tres anos outorgou a maioría de votos ao seu partido.

Conclúe pedíndolles que sexan responsables, e se non son capaces, pide que os deixen gobernar.

O Sr. alcalde concédelle a palabra á secretaria accidental da Corporación para dar paso á votación.

A secretaria da Corporación informa que, de conformidade co establecido no artigo 197 bis 1) da Lei orgánica de réxime electoral xeral, o alcalde poderá formular ante o pleno unha cuestión de confianza vinculada entre outros temas á aprobación dos orzamentos anuais. No artigo 197 bis 2) establécese que para a adopción dos ditos acordos, requírese o quórum de votación esixido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para cada un deles, e que a votación se efectuará, en todo caso, mediante o sistema nominal de chamamento público.

Explica que, neste caso, o quórum de votación esixido, de acordo co artigo 47 da LRBR, será o da maioría simple, isto é, máis votos afirmativos que negativos, e a votación efectuarase mediante o sistema nominal definido no artigo 119, parágrafo 3º, do Regulamento orgánico municipal que establece que son nominais aquelas votacións que se realizan mediante chamamento por orde alfabética de apelidos e sempre en último lugar o presidente, e na que cada membro da Corporación, ao ser chamado, responde en voz alta “sí”, “non”, ou “abstéñome”.

Polo tanto, seguindo coa orde alfabética, pasan á votación:

- Amor Prieto, M ^a Victoria:	Non
- Andreu Barallobre, Felipe:	Si
- Baamonde López, José Antonio:	Si
- Bao Bouzas, Jesús:	Non
- Carballada Rodríguez, Daniel:	Non
- Caride Suárez, Fernando:	Si
- García Patiño, Óscar Alfonso:	Non
- González Roel, M ^a Jesús:	Si
- Iglesias Pais, Margarita:	Non
- Lemos Seoane, José Manuel:	Non
- Mantiñán Méndez, M ^a Eugenia:	Non
- Marante Gómez, Manuel:	Si
- Pestonit Barreiros, Elisa:	Non
- Rey Moreno, Augusto:	Non
- Ríos Rama, Santiago Manuel:	Si
- Sanjurjo Cacheiro, M ^a Luisa:	Non
- Santos López, M ^a Olga:	Non
- Taibo Casás, Luis Miguel:	Non
- Vázquez Golpe, Marta M ^a :	Si
- Vila Díaz, Rocío:	Si
- Rivas Caridad, Manuel:	Si

A Corporación, por nove votos a prol e doce votos en contra, acordou rexeitar a cuestión de confianza vinculada á aprobación dos Orzamentos para o exercicio do 2014.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as doce horas, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Manuel Rivas Caridad

Verónica M^a Otero López